



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OUTES

Bases reguladoras da convocatoria de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía do Concello de Outes de data 22.10.2021, aprobaronse as seguintes:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS INDIVIDUAIS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E A ACCESIBILIDADE, co seguinte contido:

“1.- DISPOSICIÓN XERAIS

Coa situación de grave crise económica actual provocada pola pandemia derivada da Covid-19, son moitas as familias que viron minguados os seus ingresos debido a que foron pechados os seus negocios, obrigados a ir ao ERTE, quedaron en desemprego sen posibilidade de retorno ao traballo, non poden acceder ao mundo laboral, dado que as ofertas de emprego son moi limitadas, etc.

Así, as unidades de convivencia tiveron que restrinxir considerablemente os gastos para poder subsistir, tendo incluso que solicitar frecuentemente as axudas ou prestacións que as Administracións ofrecen.

Isto tamén afectou ao colectivo dos maiores e persoas con autonomía limitada, que incluso teñen que ser o sustento coas súas pensións, da familia extensa, quedando relegadas a un segundo plano aqueles gastos tan necesarios para mellorar a súa independencia persoal.

Para poder aliviar a carga deste colectivo e intentar no posible mellorar a súa calidade de vida, convócanse estas axudas individuais, que teñen como finalidade poder adquirir aquelas produtos ou axudas técnicas que tanto precisan ou realizar adaptacións na súa vivenda que faciliten o seu desenvolvemento coa maior autonomía posible no interior das mesmas.

2.- OBXECTO E FINALIDADE

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladores da convocatoria pública para a concesión de axudas individuais en réxime de concorrencia competitiva, de carácter non periódico, para persoas en situación de dependencia ou/e discapacidade, empadroadas no Concello de Outes.

A finalidade destas axudas é a de colaborar en determinados gastos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021, destinados a:

- Apoiar á persoa con axudas técnicas ou produtos de apoio para o normal desenvolvemento da vida diaria.
- Facilitar adaptacións funcionais do fogar e a eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda, que contribúan a mellorar a autonomía persoal e a previr situacións de dependencia maiores, así como mellorar a súa accesibilidade.
- Adquisición de próteses dentais e audífonos ao obxecto de compensar as limitacións funcionais.

3.- CUSTOS SUBVENCIONABLES

Esta convocatoria subvenciona as seguintes actuacións:

- Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda: entenderase por isto a adquisición, instalación e adaptación de mecanismos e útiles necesarios para procurar a maior autonomía posible nas actividades da vida diaria na vivenda habitual da persoa en situación de dependencia, así como a supresión de calquera impedimento ou obstáculo que limite ou impida o acceso, a liberdade de movemento, a estancia e a circulación das persoas con mobilidade reducida, a comunicación sensorial ou calquera outra limitación.

Contía máxima subvencionable: 1500€

· Adquisición de próteses dentais e/ou audiófonos, non previstos no sistema sanitario. Non poderán optar a estas axudas para audiófonos as persoas menores de 16 anos, ao ser unha prestación cuberta polo sistema sanitario.

Contía máxima subvencionable:

- Próteses dentais: 200€

- Audiófonos: 500€

· Adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio. Enténdese por isto calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións nas actividades da vida diaria. No anexo II relaciónanse todos os produtos obxecto de subvención.

Contía máxima subvencionable: 1500 €

4.- FINANCIAMENTO

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario de 15.000,00 € consignados na partida 2311-48001 destinada a tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Outes para o ano 2021. De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas as unidades familiares que contén con menos recursos.

5.- SOLICITANTES

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia e/ou discapacidade ou a teñan solicitada con anterioridade a apertura do prazo de solicitude destas axudas e que acrediten a necesidade das actuacións solicitadas.

Os/as solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Estar empadroadado/a no Concello de Outes.

b) Que a renda per cápita da unidade de convivencia da que forma parte o solicitante non supere o 125% do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM) establecido para este ano 2021, incluíndo as pagas extraordinarias. Cando a unidade familiar estea formada por un dos membros este límite elevarase ata o 150% do IPREM e cando esté formada por un só membro ata o 175% do IPREM. No caso dos solicitantes de axuda destinadas á adquisición de próteses dentais e audiófonos estas porcentaxes reduciranse respectivamente ao 100%, 125% e 150%.

Considérase **unidade de convivencia (UC)** o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

6.- TRAMITACIÓN

a) Solicitudes: as solicitudes segundo o modelo oficial que figura como Anexo I presentaranse preferentemente de xeito telemático a través da sede electrónica municipal ou por medio das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de PACAP. Para a vía presencial requírese cita previa chamando ao Departamento de Servizos Sociais do Concello no 981850003 en horario de 09:00 a 14:00 h.

b) Documentación que se deberá anexar á solicitude:

- Fotocopia do DNI do membro da unidade de convivencia para quen se solicita a axuda.
- Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas de tódolos membros da unidade de convivencia correspondente ao último exercicio fiscal. De non tela presentado, autorización ao concello para obter datos da AET.
- No caso de non dispoñer de datos fiscais, certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2020 expedido polo organismo correspondente, das pensións da Seguridade social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar.
- De non autorizar a consulta, xustificante de empadroadamento da unidade de convivencia.
- Certificado de discapacidade e/ou dependencia.
- Informe de saúde que acredite a necesidade da actuación solicitada.
- Orzamento das obras, das axudas técnicas ou produtos de apoio solicitados.
- No caso de adaptación funcional do fogar e/ou eliminación de barreiras arquitectónicas na vivenda, solicitude de licenza municipal, memoria descritiva da obra ou, no caso de ser necesario, proxecto técnico.

c) Publicidade e prazo de presentación: a publicación destas bases e a resolución das axudas realizarase na páxina web do Concello de Outes e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contando dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Dito prazo será publicado na páxina web do Concello de Outes.

7.-ENMENDA DE ERROS

Se a solicitude non reunira os requisitos establecidos nesta orde, a persoa interesada será requirida polo órgano instrutor do procedemento, para que no prazo de cinco días, contados a partir do día seguinte á recepción de dito requirimento, achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, coa indicación de que, se non o fixera, considerárase que desiste na súa petición e arquivárase o expediente sen mais trámite.

8. CRITERIOS PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

Existirá unha comisión de valoración que examinará e valorará todas as solicitudes recibidas, en base os criterios establecidos no ANEXO III da presente convocatoria, tendo en conta as seguintes cuestións:

a) Determinación da situación económica da persoa beneficiaria. Calcularase a renda per cápita da unidade de convivencia da que forma parte o/a interesado/a, sumando os ingresos de todos os membros computables e dividindo o resultado polo número destes. A estes efectos, teranse en conta as declaracións do IRPF correspondentes ao último exercicio fiscal, sumarase a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460). En caso de pensións ou prestacións que estiveran exentas da tributación do IRPF, tomaranse as relativas ao exercicio 2021.

Non se terán en conta como ingresos, os que poida percibir a persoa beneficiaria que proveñan das prestacións económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que teñan por finalidade a adquisición dun servizo ou cuidados no entorno.

b) Só se poderá conceder, con cargo a esta convocatoria, unha axuda por solicitante.

c) No caso de que a actuación subvencionable fora susceptible de ser empregada por unha ou máis persoas que convivan no mesmo domicilio, só se concederá unha única axuda da mesma natureza.

d) Non se concederá axuda de eliminación de barreiras no acceso ao interior do fogar cuxa instalación se corresponda con zonas ou instalacións comunitarias e/ou de uso público.

9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión das subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva. O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local, trala proposta da Comisión avaliadora. A Comisión avaliadora estará formada polos seguintes membros:

– Presidente: D. Manuel González López, alcalde

– Secretaria: Da. Berta Buján Casanova, coordinadora dos servizos sociais municipais.

– Vogais:

-Eduardo Barreiro Mallo, traballador social

-Luis Pérez Barral, normalizador lingüístico

-Sonia Pérez Figueiras, auxiliar urbanismo

Para constituír validamente a Comisión deberán concorrer, polo menos, tres dos seus membros. A proposta da Comisión deberá ser adoptada co voto favorable da maioría simple dos membros asistentes á sesión. En caso de empate, decide o voto de calidade do presidente. O órgano instrutor será a unidade de Servizos Sociais municipais ou a/o funcionaria/o en quen delegue. O instrutor poderá realizar de oficio as actuacións que xulgue necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se ditará a proposta de resolución.

A resolución da Xunta de Goberno Local notificaráselle ás persoas interesadas coa advertencia de que no prazo de 10 días deberán comunicar se aceptan ou renuncian á subvención concedida. Transcorrido ese prazo sen manifestación expresa das persoas beneficiarias, a subvención entenderase aceptada tacitamente e publicarase na páxina web do Concello a relación de subvencións concedidas e denegadas.

O prazo máximo para ditar e notificar ás persoas interesadas a resolución expresa será de tres meses, contados desde o día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución da concesión determinará o importe da axuda concedida, dentro dos límites establecidos. Dita resolución poñerá fin a vía administrativa, polo que na notificación aos beneficiarios constará o réxime de recursos procedentes, consonte co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo.

A Comisión avaliadora procederá á proposta de concesión de subvencións segundo aos criterios citados nestas bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de

valoración que dean lugar á proposta. En todo caso o importe total da mesma non poderá superar o crédito orzamentario existente para este fin.

Estas axudas son compatibles con calquera outra solicitada e/ou concedida para a mesma finalidade, sempre que a suma das axudas concedidas non sexa superior o custo da actuación solicitada. Neste caso reducirase a axuda proporcionalmente ata que se iguale o importe total da actuación.

Calquera alteración imputable aos beneficiarios/as que dese lugar a unha desviación do destino da axuda concedida polo Concello, dará lugar ó réxime sancionador establecido no artigo 82 da Lei xeral orzamentaria, e as sancións a que dese lugar serán acordadas e impostas pola Xunta de Goberno Municipal.

10. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA AXUDA

A persoa beneficiaria deberá ter realizadas e xustificadas as actuacións que foran obxecto da axuda nos dous meses seguintes á notificación da resolución favorable, porén, poderá solicitar a ampliación do prazo de xustificación por circunstancias debidamente acreditadas, sen que en ningún caso poida exceder do 31 de xaneiro de 2002.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil. Así mesmo, a efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto, cando se xustifique o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificadas.

No momento da xustificación a persoa beneficiaria deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto das aprobadas como das pendentes de resolución, segundo o anexo IV desta convocatoria.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen tela presentado, procederase á solicitude de reintegro da subvención, consonte co establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, sen prexuízo de posterior tramitación do expediente sancionador previsto en dita norma.

Dado o carácter social das axudas previstas, o Concello de Outes aboará a subvención na modalidade de pago anticipado unha vez notificada e publicada a relación de beneficiarios. A tal fin, os beneficiarios xustificarán estar ao corrente nas súas obrigas tributarias mediante declaración responsable.

11.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios/as as seguintes:

1. Realizar as actuacións que motiva a concesión da subvención.
2. Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.
3. Someterse as actuacións de comprobación do concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro dos órganos competentes do concello, nacionais ou comunitarios, e aportar a información que lle requiran no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle ao concello de Outes se obtiveron outras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas cando coñeza esa circunstancia e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación que lles deu aos fondos percibidos.
5. Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos.
6. Estar ao corrente nas súas obrigas fiscais e tributarias, coa AEAT e coa ATRIGA. Dita acreditación presentarase xunto coa restante documentación xustificativa prevista no apartado 10.

12.-PROTECCIÓN DE DATOS

Protección de datos. O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Outes. Os datos serán tratados coa finalidade específica das axudas desta convocatoria, de conformidade coa regulación establecida pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación. A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas nesta convocatoria de axudas. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Outes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfiles, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Outes).

DISPOSICIÓN FINAL

Para todas as cuestións non previstas nestas bases será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Outes, na data que figura á marxe

O alcalde-presidente

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

CONVOCATORIA DE AXUDAS INDIVIDUAIS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E A ACCESIBILIDADE**ANEXO I****SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS			
DNI			
ENDEREZO			
LOCALIDADE			
TELÉFONO		Enderezo electrónico:	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fehaciente por calquera medio válido en dereito)

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA**NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)**

	IBAN						
--	------	--	--	--	--	--	--

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Outes para promoción da autonomía persoal e a accesibilidade SOLICITO, ó amparo da mesma, a concesión dunha achega económica para os gastos que se indican:

TIPO DE ACTUACIÓN AO QUE SE VINCULA A AXUDA SOLICITADA

OPCIÓN	ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN	ORZAMENTO
	Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda		
	Adquisición de próteses dentais e/ou audiófonos, non previstos no sistema sanitario		
	Adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio.		

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

Non solicitou nin se lle concedeu **NINGUNHA** prestación de calquera administración pública ou ente público para a mesma finalidade para que a que solicita nesta convocatoria.

Solicitou as prestacións que seguidamente se relacionan, para a mesma finalidade que a que solicita en esta convocatoria.

ORGANISMO	DESCRICIÓN	CONTÍA SOLICITADA

Concedéronlle as prestacións que seguidamente se relacionan, para a mesma finalidade que a que solicita en esta convocatoria.

ORGANISMO	DESCRICIÓN	CONTÍA CONCEDIDA

Documentación que se achega co modelo de solicitude:

- Fotocopia do DNI do membro do membro da unidade de convivencia para quen se solicita a axuda.
- Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas de tódolos membros da unidade de convivencia correspondente o último exercicio fiscal. De non tela presentado autorización ó concello para obter datos da AET.
- No caso de non dispoñer de datos fiscais, certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2020 expedido polo organismo correspondente, das pensións da Seguridade social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar.
- De non autorizar á consulta, xustificante de empadramento da unidade de convivencia.
- Certificado de discapacidade e/ou dependencia.
- Informe de saúde que acredite a necesidade da actuación solicitada.
- Orzamento das obras, das axudas técnicas ou produtos de apoio solicitados.

No caso de adaptación funcional do fogar e/ou eliminación de barreiras arquitectónicas na vivenda, solicitude de licenza municipal , memoria descriptiva da obra ou no caso de ser necesario proxecto técnico.

Outes, de de 2021.

O/A solicitante ou representante legal

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES (A CORUÑA)

ANEXO II

PRODUTOS DE APOIO OU AXUDAS TÉCNICAS SUBVENCIONABLES

1. Para o aseo e hixiene persoal:

a) Para evacuación:

- Cadeira para váter
- Alza para váter
- Cadeira con inodoro

b) Para baño e ducha:

- Cadeira de baño
- Táboa de baño
- Padiola para baño e ducha
- Ducha para a cama

2. Para a alimentación:

- Cubertos adaptados

3. Para a mobilidade, posicionamento e protección persoal:

a) Para mobilidade persoal:

- Adaptacións de acceso ao vehículo

b) Para a mobilidade vertical:

- Plataforma para subir escaleiras
- Plataforma con raíl
- Cadeira salva escaleiras

c) Para posicionamento:

- Cadeira de brazos xeriátrica
- Táboas e discos de transferencia
- Coxín e saba para xirar
- Guindastre
- Cama articulada
- Chalecos e cintos de protección

d) Para protección persoal:

- Colchón antiescaras.
- Cintos de suxeición
- Varandas de protección

4. Para a comunicación:

a) Axudas técnicas para lectura e escritura

b) Comunicación aumentativa e alternativa

5. Para o acceso ás Tecnoloxías de Información e da Comunicación (TIC)

- Dispositivos de entrada ás TIC
- Dispositivos de saída ás TIC

6.- Para persoas con discapacidade auditiva ou persoas con discapacidade visual:

a) Axudas técnicas para comunicación telefónica

b) Avisadores luminosos (reloxos, espertadores, timbres, etc.)

c) Produtos de apoio para o fogar

ANEXO III**CRITERIOS DE CONCESIÓN E BAREMO PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E A ACCESIBILIDADE**

1) Situación económica:

- Rendas per cápita que non superen o 50% do IPREM: 45 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 60 % do IPREM: 35 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 70 % do IPREM: 25 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 80 % do IPREM: 15 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 90 % do IPREM: 5 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 100 % do IPREM: 0 puntos.

2) Características da vivenda e condicións de habitabilidade (de aplicación para os solicitantes de axuda para adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda):

- Vivenda en condicións deficientes de habitabilidade por situacións de amoreamento, espazos reducidos, existencia de dispositivos de risco en relación coa saúde e/ou insalubridade: 10 puntos.
- Existencia de barreiras no interior da vivenda que dificulten notablemente o desenvolvemento da vida diaria: 15 puntos.
- Existencia de barreiras de acceso na vivenda: 10 puntos.

3) Recoñecemento da situación de dependencia:

- Grao III: 45 puntos
- Grao II: 25 puntos
- Grao I: 15 puntos

En caso de igualdade de puntuación prevalecerá a persoa solicitante que se atope en maior situación de dependencia e de manterse a igualdade de puntuación, a de menor renda.

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE AXUDAS

D/a _____, con DNI: _____,
interesado/a ou representante legal do mesmo,

DECLARA QUE

Non solicitou nin se lle concedeu **NINGUNHA** prestación de calquera administración pública ou ente público para a mesma finalidade para que a que solicita nesta convocatoria.

Solicitou as prestacións que seguidamente se relacionan, para a mesma finalidade que a que solicita en esta convocatoria.

ORGANISMO	DESCRICIÓN	CONTÍA SOLICITADA

Concedéronlle as prestacións que seguidamente se relacionan, para a mesma finalidade que a que solicita en esta convocatoria.

ORGANISMO	DESCRICIÓN	CONTÍA CONCEDIDA

OUTES, a ____ de _____ de 2021

Asdo.- _____ ”

Outes, 22 de outubro de 2021

O alcalde

D. Manuel González López

2021/7595